

# Se você entende isto, inscreva-se neste assunto!



Dende o IES de Mugar dos queremos anunciarvos que neste curso 2022/23 que comeza estreamos a optativa de portugués.

Por iso, e para animarvos a escollela, imos lembrar algunhas das razóns principais polas que facelo:

-Porque por proximidade co galego, é unha ocasión de ouro para aprender unha nova lingua estranxeira cun nivel de dificultade moi asequible.

-Tamén, porque o idioma portugués é falado por máis de 270 millóns de persoas no mundo, nos seis continentes, o que nos da mostra da importancia planetaria dun idioma ao que xeralmente non se lle prestaba a atención merecida.

-Se falamos de diñeiro, o mundo lusófono (países que falan portugués) componse de lugares competitivos economicamente, que abundan en ouro, petróleo, diamantes e outros recursos naturais, e que cun pequeno coñecemento da lingua de seguro van ofrecer enormes posibilidades de traballo no século XXI. Algúns destes países son Angola, Mozambique, pero sobre todo, BRASIL.

-Para chegar ata aquí, fixámonos no caso de Extremadura, onde hai anos decidiron estudar portugués e hoxe en día, moitos dos seus habitantes atoparon empregos ben remunerados en Portugal. Cremos que Galicia enteira debería escoller este camiño, máis tendo en conta a nosa cercanía lingüística.

-Como pequeno premio, contéplase unha saída ao país veciño, para poder poñer en práctica algo do aprendido e coñecer de primeira man a cultura portuguesa.



## Não desperdice